O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45538
Data envío: 06/02/2019 15:41:21.387

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2019 15:41:04

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41450** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“as medidas adoptadas pola Xerencia do Hospital Clínico de Santiago de Compostela para resolver os problemas de aparcamento do centro, respectando os acordos previos co Concello”**, (publicada no BOPG número 397 do 13 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A ordenación do tráfico no recinto é competencia do Concello, dado que se trata dunha vía pública, polo que os problemas de aparcamento inadecuado serán responsabilidade directa do Concello no exercicio das súas competencias. Sería necesario facilitar o uso de aparcamentos disuasorios, (como o aparcamento de Santa Marta), co establecemento de sinalizacións visibles para o dito aparcamento (carteis municipais). Todos os aparcamentos dos complexos hospitalarios construídos polo Sergas están en parcelas propias. Así mesmo tamén se poderían explorar fórmulas coa empresa concesionaria do aparcadoiro situado nas inmediacións do clínico, propiedade do Concello e de xestión privada para acadar unha rebaixa nas tarefas de acceso, para que sexan así máis asumibles polos petos dos cidadáns.

O Hospital Clínico de Santiago goza dun gran prestixio e presta unha excelente atención sanitaria e é neste ámbito no que concentra os seus principais esforzos investidores, non correspondendo ás súas competencias a ordenación do tráfico nin da mobilidade cidadá..”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45163
Data envío: 01/02/2019 15:46:36.463

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 15:46:33

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 42293** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense**”, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos remitimos á resposta facilitada polo Xerente do Sergas á pregunta número 42374 que tivo lugar na Comisión 5ª do día 23 de xaneiro de 2019.

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-01-23?part=5aaab6f3-357f-40b4-a75d-f47e025d34fa&start=7183.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-01-23?part=5aaab6f3-357f-40b4-a75d-f47e025d34fa&start=7183)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 10:48:26
Nº Rexistro: 45011
Data envío: 31/01/2019 10:48:26.261

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2019 10:48:21

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33690** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os danos medioambientais no río Tambre, no concello de Ames, dende o mes de xuño”**, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Ao respecto das cuestións formuladas na iniciativa, cómpre indicar que por parte de Augas de Galicia se recibiron alertas a través do servizo de emerxencias 112 por turbidez e afección á fauna piscícola en datas de 23 e 24 de xuño de 2018 e de 7 e 8 de xullo de 2018.

Como seguimento destas alertas leváronse a cabo inspeccións na zona (Ames) e augas arriba (ata o concello do Pino), na bacía do río Tambre en datas de 23 e 24 de xuño e de 7, 8, 9 e 10 de xullo, non observándose vertidos que orixinasen a afección ao medio receptor que foi alertada.

Nas inspeccións de seguimento levadas a cabo no mes de xullo, obsérvase visualmente turbidez, tanto no río Tambre á altura de Ames, como augas arriba e en varios afluentes do mesmo, coincidindo nalgúns casos coa presenza de terras traballadas nas proximidades das ribeiras dos ríos e indicios de episodios de precipitacións fortes en xornadas pasadas. Compróbase tamén, no punto de máis augas arriba do río Tambre inspeccionado, que a turbidez que se aprecia visualmente, diminúe.

En todo caso, desde Augas de Galicia, continuarase co seguimento dos vertidos inventariados no río Tambre, ao obxecto de tratar de evitar que situacións como a acontecida se poidan volver repetir.

Por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural realizáronse todas as actuacións precisas para determinar as posibles causas dos episodios detectados na zona. Como resultado destas actuacións, non foi posible detectar ningún vertido que puidese ser responsable da situación alertada. En consecuencia, mantivéronse os servizos de vixilancia no curso principal do río e



ampliáronse cara aos principais afluentes.

En cada unha das denuncias recibidas, os axentes medioambientais do Servizo de Conservación da Natureza da Coruña actuaron inmediatamente e de xeito conxunto co persoal de Augas de Galicia e mesmo con axentes da Policía Autonómica. En todas as ocasións, foron analizados diversos parámetros característicos da calidade da auga e tomáronse mostras para a súa posterior análise.

Non se detectou ningunha afectación sobre a flora no tramo e recolléronse exemplares de especies acuáticas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45561
Data envío: 06/02/2019 15:45:40.168

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2019 15:45:37

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33931** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión polo Goberno galego de construción dun novo centro de saúde en Ribadavia durante a X lexislatura”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos remitimos á resposta facilitada á pregunta número 19090 polo xerente do Sergas na Comisión 5ª que tivo lugar o 15 de novembro de 2017, na que informaba sobre as actuacións de mantemento levadas a cabo no actual Centro de Saúde de Ribadavia así como sobre a situación na que se atopa a futura construción do novo Centro de Saúde de Ribadavia.

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2017-11-15?part=a8959dd0-43cc-4ca0-8e11-52fabad633a6&start=5064.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2017-11-15?part=a8959dd0-43cc-4ca0-8e11-52fabad633a6&start=5064)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 10:50:58
Nº Rexistro: 45017
Data envío: 31/01/2019 10:50:58.559

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2019 10:50:54

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** eleva a esa Mesa o seguinte escrito de queixa.

En data 1 de agosto de 2018, este grupo parlamentario rexistraba iniciativas relativas ao Proxecto do Hospital Gran Montecelo de Pontevedra. En concreto, unha destas iniciativas foi a pregunta oral en Comisión con documento número 34139, consistente en sete preguntas. En data 31 de xaneiro deste ano, a Consellería de Sanidade respondía o seguinte: “Nos remitimos á resposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á pregunta oral en Pleno número 33993 que tivo lugar o 12 de setembro de 2018.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=5511>.”

Deixando á marxe as faltas ortográficas da resposta, o curioso é que esa iniciativa á que se refire a resposta do Goberno non era deste grupo parlamentario senón do grupo que sustenta ao Goberno (o Grupo Popular), que fixo só unha pregunta como corresponde ás preguntas POP, polo que entendemos se está a vulnerar de novo o artigo 157 do Regulamento do Parlamento: lembremos que a nosa pregunta oral en Comisión tiña sete preguntas, por exemplo, e que a calidade da prestación sanitaria é unha das cuestións que máis preocupa á cidadanía. A maior abundancia, esta resposta da Consellería de Sanidade supón unha grande falta de respecto ao Parlamento de Galicia.

Polo que manifestamos, xa por segunda vez, a nosa QUEIXA e solicitamos unha nova resposta acorde á nosa pregunta oral en Comisión documento número 34139.

Pazo do Parlamento, 4 de febreiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:44:39
Nº Rexistro: 45288
Data envío: 04/02/2019 13:44:39.279

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/02/2019 13:29:41

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 34387** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“ás medidas a tomar en materia sanitaria diante do falecemento dun doente no PAC da Estrada”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos remitimos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta oral en pleno número 34414 que tivo lugar no pleno do 12 de setembro de 2018.

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=6150.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=6150)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 10:50:41
Nº Rexistro: 45015
Data envío: 31/01/2019 10:50:41.887

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2019 10:50:39

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 34505** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as demandas dos traballadores do Sergas provocadas pola decisión do Goberno galego de trasladar os servizos de coordinación das urxencias sanitarias de Galicia ao Edificio de atención Integrada de Emerxencia da Estrada”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos remitimos á reposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á pregunta oral número 34506 que tivo lugar no pleno do 12 de setembro de 2018.

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=6909.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=6909)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 10:50:33
Nº Rexistro: 45014
Data envío: 31/01/2019 10:50:33.980

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2019 10:50:05

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34621** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a atención do servizo de pediatría no concello de Cerceda”**, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente existe, en Galicia e no conxunto do España, un déficit de especialistas en pediatría para cubrir as prazas xa existentes nos centros de saúde. Esta situación vese agravada nos períodos de ausencias estivais dos cadros de persoal habituais, que están recollidas como dereito dos traballadores.

No Concello de Cerceda hai 446 nenos de menos de 14 anos adscritos ao centro de saúde, dos que menos de 100 son menores de 3 anos. O centro ten cobertura de pediatría de 3 horas en quenda ordinaria, fóra da cal, no horario de mañá, son atendidos por un médico/a de familia, xa que esta especialidade ten, dentro do seu programa formativo, a capacitación na atención aos nenos. No Servizo de Atención Primaria de Laracha hai un pediatra a xornada completa con horario de atención ordinario en quenda de mañá (8 a 15 horas).

En materia de asistencia sanitaria é importante primar a accesibilidade da poboación, para que o servizo estea garantido para os usuarios, cunha proximidade razoable ao mesmo.

Durante o período estival e mediante o consenso dos profesionais, a atención pediátrica en toda a Área Sanitaria da Coruña, e en toda Galicia, tivo que reaxustarse.

Nos concellos de Laracha e Cerceda, en quenda ordinaria, prestouse en Laracha durante as tres semanas de ausencia dun dos dous profesionais (segunda quincena de agosto e primeira semana de setembro), e fóra da quenda ordinaria, en quenda de atención continuada tarde e noite e festivos, a atención seguiu a prestar tamén en Laracha, no Punto de Atención Continuada, como se ven realizando os 365 días do ano.



Revisados os resultados, o número de consultas atendidas na consulta de pediatria para a poboación total neste período foi de 24 nenos/día. Non houbo demoras na atención programada e non se rexistraron incidencias.

Sempre é posible revisar a ordenación da asistencia e reaxustala segundo a demanda pero, en xeral, non houbo incidencias e o nivel de satisfacción dos usuarios foi positivo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45559
Data envío: 06/02/2019 15:45:25.262

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 06/02/2019 15:45:22

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 34759** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a avaliación da aplicación das medidas recollidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**”, (publicada no BOPG número 350 do 3 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos remitimos ao Informe Anual 2017 de violencia de xénero no que a partir da páxina 109 recollénse as medidas que garanten a atención sanitaria.

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe_lei_vx-2017.pdf.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 10:54:42
Nº Rexistro: 45018
Data envío: 31/01/2019 10:54:42.309

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2019 10:54:38

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 34786** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o conflito laboral do persoal da central de coordinación do 061**”, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos remitimos á reposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á pregunta oral número 34506 que tivo lugar no pleno do 12 de setembro de 2018.

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=6909.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=6909)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2019 10:48:47
Nº Rexistro: 45012
Data envío: 31/01/2019 10:48:47.261

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2019 10:48:32

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35233** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Monserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coas carencias en materia de atención pediátrica existentes no concello de Oleiros, así como as súas previsións respecto da dotación dun servizo de pediatría do centro de saúde da Covada e o reforzo dese servizo no centro de saúde de Santa Cruz”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención primaria de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia organízase en Servizos de Atención Primaria, que son as estruturas básicas para a prestación de servizos sanitarios á poboación. Cada servizo pode ter unha ou varias unidades de atención primaria (centros de saúde) que se localizan en distintos puntos de atención, intentando aproximarse, sempre que sexa posible, á poboación atendida.

Actualmente o Servizo de Atención Primaria de Oleiros conta con tres centros de Saúde (Santa Cruz, Perillo e A Covada), un Consultorio (Mera), un Punto de Atención Continuada (PAC) e coas unidades de apoio de Fisioterapia e Odontoloxía.

A atención pediátrica do Servizo de Atención Primaria de Oleiros préstase no Centro de Saúde de Perillo e no Centro de Saúde Santa Cruz, con cinco pediatras asignados á poboación do Concello.

As cotas pediátricas de Oleiros, cuxos centros atópanse próximos e ben comunicados entre si, teñen un ratio de asignación de pacientes/pediatra que se corresponde á poboación atendida, e que se pode considerar óptimo.

A distribución dos recursos de pediatría permite que, ante a ausencia dun profesional, o outro pediatra do centro poida asumir a atención a procesos urxentes, ante a dificultade de cubrir en todo momento as ausencias con especialistas en pediatría, cuxa dispoñibilidade é deficitaria no



conxunto dos centros de saúde do Sistema Nacional de Saúde.

Os nenos do Concello de Oleiros teñen unha magnífica atención pediátrica no seu Concello con profesionais de moi alto nivel. Sempre é posible revisar a ordenación da asistencia, pero ata a satisfacción dos usuarios coa súa atención pediátrica é elevada. A asignación de recursos e a dotación de profesionais por poboación é axeitada ás recomendacións para unha prestación sanitaria eficiente e de calidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45451
Data envío: 05/02/2019 16:17:32.255

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:17:29

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35289** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas ao desenvolvemento de medidas específicas para favorecer o inicio da actividade da Asociación sen ánimo de lucro Por Eles TEA Ourense, impulsada por pais e nais de persoas con autismo, e a avaliación da posibilidade de establecer algún convenio de colaboración a través do Sergas para dotala de persoal de reforzo e do material necesario, así como as súas intencións respecto do reforzo na cidade de Ourense da atención do trastorno do espectro do autismo a través da sanidade e dos servizos sociais públicos”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Servizo Galego de Saúde se facilita a actividade de entidades sen ánimo de lucro a través da sinatura de convenios ou mediante a convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva. Ambas son medidas xenéricas.

O Servizo Galego de Saúde asinou un convenio con carácter anual coa Federación Autismo Galicia para o desenvolvemento de actividades de formación e sensibilización no entorno sanitario. O convenio asinado este ano está dotado con 10.925 €. A Federación agrupa a diversas entidades e organizacións de Galicia.

As competencias da Consellería de Sanidade limítanse á prestación dos servizos no ámbito dos complexos hospitalarios, tal e como se regula no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.



Ata o momento, non se detectaron incidencias por parte da Asociación Autismo Ourense no cumprimento das obrigas relacionadas coa convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter socio sanitario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45450
Data envío: 05/02/2019 16:17:24.036

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:17:21

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35293** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Sergas para non xeneralizar a prescrición dos novos anticoagulantes orais a todos os pacientes que non teñan contraindicación”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A financiación dos medicamentos é unha competencia exclusiva do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social.

Os anticoagulantes de acción directa, os novos anticoagulantes, son un tipo de medicamentos para os que o Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social e Igualdad estableceu o seu financiamento no ámbito do Sistema Nacional de Salud cun requisito adicional que se denomina ‘establecimiento de reservas singulares mediante visado’.

O Real Decreto 618/2007, do 11 de maio, regula o procedemento para o establecemento, mediante visado, de reservas singulares ás condicións de prescrición e dispensación dos medicamentos. Dito Real Decreto establece que as administracións sanitarias, de acordo co procedemento que determinen no exercicio das súas competencias, verificarán a conformidade co tratamento prescrito no Sistema Nacional de Salud coas condicións de utilización autorizadas en ficha técnica e as indicacións terapéuticas financiadas dos medicamentos sometidos a reservas singulares.

O procedemento para a verificación do cumprimento das condicións de prescrición e dispensación dos medicamentos sometidos a reservas singulares mediante visado establecido polo Sistema Nacional de Salud, denomínase tecnicamente homologación sanitaria, e está regulado polo Decreto 189/2011, do 22 de setembro, de homologación sanitaria dos tratamentos prescritos.



É importante indicar que todas as indicacións autorizadas para un medicamento non sempre están financiadas polo Sistema Nacional de Salud.

As indicacións de tratamento da trombose venosa profunda (TVP) e da embolia pulmonar (EP) e prevención das recorrencias da TVP e da EP en pacientes adultos polo momento non se atopan financiadas.

Así mesmo, para que un anticoagulante oral de acción directa poida ser financiado, ademais de reunir os requisitos esixidos pola ficha técnica do medicamento, xa obrigatorios en calquera medicamento, a situación do paciente debe cumprirse unha serie de condicións, descritas no 'Informe de posicionamento terapéutico ((IPT) UT/V4/23122013. Criterios y recomendaciones generales para el uso de nuevos anticoagulantes orales (NACO) en la prevención del Ictus y la embolia sistémica en pacientes con fibrilación auricular no valvular', de data de actualización 23 de decembro de 2013. Dito informe de posicionamento terapéutico recolle as casuísticas para as que se establecen as reservas singulares destes medicamentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45449
Data envío: 05/02/2019 16:17:16.692

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:17:12

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35298** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a planificación do Goberno galego para adaptar as prazas de formación que se están a ofertar en Galicia polo sistema de residencia MIR e EIR ás necesidades reais de cobertura de profesionais no Sergas, a posibilidade de garantía da calidade asistencial sen a adopción de medidas para aumentar o seu número e a opinión dos profesionais en relación coa política de estabilización do persoal levada a cabo polo Sergas”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Plan de Estabilidade do Emprego e Provisión do Persoal Estatutario do Sergas 2017-2018, quedou recollido o compromiso de reducir a temporalidade no Servizo Galego de Saúde, que permitirá reducir ata o 5% a porcentaxe que representa o persoal eventual.

Obxectivo que se sitúa ata tres puntos por debaixo do asumido a nivel nacional polo Ministerio de Hacienda, do 8%.

Galicia foi das primeiras comunidades en impulsar un Plan de Estabilidade para asentar as plantillas e mellorar así a calidade asistencial.

Coa creación de 365 novas prazas no Sergas nos achegaremos a este obxectivo de reducir a interinidade ata o 5% e impulsar a estabilidade laboral.

No Decreto de convocatoria da OPE 2017 ofertáronse un total de 1.616 prazas.

Na recentemente aprobada OPE do 2018 ofértanse 1.400 prazas.

Así mesmo, no horizonte 2017-2020, a través de novas ofertas, arredor de 5.000 persoas poderán acceder a unha praza estable.



A oferta docente prepárase en base a Informes de planificación de prazas nas que se estiman as necesidades a medio prazo de profesionais en base a xubilacións, defuncións, ausencias por incapacidade temporal, contratacións. Dita información permite valorar que especialidades son excedentarias ou deficitarias no seu caso.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45448
Data envío: 05/02/2019 16:17:07.895

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:17:04

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35372** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto das consecuencias do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, a súa incidencia na mellora da calidade da asistencia sanitaria e a demanda realizada ou prevista diante do Goberno central ao respecto”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia deseñouse un instrumento, o Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP), que, dende a entrada en vigor do RD 16/2012, permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían a condición de aseguradas, ou beneficiarias, e que non tiveran acceso ás prestacións sanitarias por outro medio.

A implantación do programa priorizou, en todo momento, a continuidade asistencial destas persoas, asegurando que quen o precisase puidera recibir a asistencia sanitaria que requirise.

Existen outros programas complementarios a este, o de atención aos menores estranxeiros en situación administrativa irregular que teñen acceso directo ao sistema sanitario público, de acordo co previsto no RD 16/2012; así como o programa de enfermidades transmisibles, polo que calquera inmigrante en situación irregular que non teña nin poida ter cobertura por outro



medio, con sospeita dunha enfermidade infecciosa de declaración obrigatoria, ou sospeita dela, recibe atención sanitaria.

O 31 de xullo de 2018 entrou en vigor o Real Decreto-Lei, de 27 de xullo, sobre o acceso universal ao Sistema Nacional de Salud.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45447
Data envío: 05/02/2019 16:16:59.739

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:16:56

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35373** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Sergas para non negociar na Mesa Sectorial de Sanidade un acordo para regular os permisos e as licenzas do persoal do Sergas”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Sergas xa conta cun documento regulador de permisos e licenzas: o Acordo de Concertación Social, adaptado ás características organizativas do propio Sergas e ás peculiaridades do persoal estatutario.

A este súmanse os permisos e licenzas que a normativa de función pública (estatuto básico do empregado público, estatuto marco, lei do emprego público de Galicia) vén recoñecendo nos últimos tempos. Proba diso é a incorporación de permisos recentes, como o das 37 semanas de xestación para as profesionais embarazadas, ou a incorporación paulatina ao traballo tras tratamentos oncolóxicos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45446
Data envío: 05/02/2019 16:16:51.926

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:16:48

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35375** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a fase na que se atopa o proceso de construción do novo centro de saúde no concello do Saviñao, o grao de execución das partidas orzamentarias consignadas para ese fin nos últimos anos e a contía que vai destinar o Goberno galego no ano 2018, así como os prazos previstos para a súa execución e entrada en funcionamento”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O centro de saúde do Saviñao foi licitado o 14/12/2018 cun prazo de execución de 12 meses e un importe de 1.138.455,05 € con IVA.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45445
Data envío: 05/02/2019 16:16:44.426

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:16:41

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35376** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a adoptar o Goberno galego para mellorar a calidade asistencial, en especial a pediátrica, no Centro de Saúde de Gondomar”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención pediátrica aos nenos e nenas de Gondomar está garantida durante todo o ano, utilizando todos os recursos que temos dispoñibles na área sanitaria.

Durante os meses de xullo e agosto a atención pediátrica no Val Miñor concéntrase no Centro de Saúde da Xunqueira, onde se atenden, como en anos precedentes, aos nenos e nenas dos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar, sen problema de ningún tipo.

En canto aos potenciais prexuízos dos doentes que deberán ser atendidos en quenda de mañá, non se producirán ao poderse substituír as baixas e cubrir as vacacións do persoal sen necesidade de maiores cambios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45444
Data envío: 05/02/2019 16:16:36.988

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:16:34

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35378** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o prazo previsto para a posta en funcionamento do novo servizo de cociña no novo edificio dese hospital e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego na cociña actual namentres, así como a súa opinión respecto da garantía nesta das condicións de seguridade laboral necesarias”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación co servizo de cociña do Complexo Hospitalario de Ourense efectivamente recibíuse na Estrutura de Xestión Integrada de Ourense a proposta de requirimento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, segundo o previsto no Real decreto 707/2002, do 19 de xullo.

De conformidade co establecido no artigo 5 do mencionado Real Decreto formuláronse as seguintes alegacións:

1. Queda constatado na proposta de requirimento da Inspección de Traballo o anuncio de contratación da obra para a construción dunha nova infraestrutura para a cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, co fin de dotala dos espazos adecuados e eliminar as deficiencias estruturais das actuais instalacións, ubicándola no edificio do novo hospital.
2. A Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL) elaborou informe de visita, observándose determinadas deficiencias relativas ao mantemento e coidado do material, coincidindo coas observacións realizadas pola Inspección na súa proposta.
3. Ante dita situación tivo lugar unha reunión para analizar as deficiencias observadas así como establecer os ámbitos de actuación e medidas necesarias para a súa subsanación e poder determinar as medidas a levar a cabo mentres a nova cocina no estea en funcionamento.



Entre as medidas a adoptar están: Revisar e facer cumprir os protocolos de limpeza, revisar os procedementos de traballo (cumprimento das normas de seguridade), constatar que os traballadores dispoñen de equipos de protección individual (EPIS) e se requirirá a súa utilización en orden a evitar los accidentes.

4. Remitiuse o Protocolo de limpeza a realizar nas dependencias da cociña, así como o Procedemento de limpeza no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, xunto coa táboa de frecuencia das tarefas, recordándoselle á empresa adxudicataria a obrigatoriedade no seu cumprimento. E tamén se ordena que inclúan estes procedementos específicos para a área de cociña no seu Manual de Procedementos do Servizo de Limpeza.

5. Nestes momentos foron realizadas as seguintes actuacións:

Información aos traballadores dos circuitos a realizar

Reparación de marmitas

Reparación do cadro eléctrico e enchufes

Protección da picadora de carne

A contratación da subministración de equipamento de cociña, con adecuación de espazos con destino ao novo edificio de hospitalización do Complexo Hospitalario de Ourense xa foi adxudicada o 1 de outubro de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45443
Data envío: 05/02/2019 16:16:29.769

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:16:26

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35380** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa a execución e remate das obras do novo centro de saúde de Ares e a existencia dalgún problema para o traslado operativo ás novas instalacións do servizo de atención sanitaria que se está a prestar de xeito provisional na actual localización, así como os novos servizos sanitarios que se van implantar e os prazos previstos para a súa entrada en funcionamento”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O novo Centro de Saúde de Ares entrou en funcionamento o luns 9 de xullo de 2018. Este novo edificio permitirá tanto aos profesionais como aos pacientes e usuarios dispor dun centro de saúde máis moderno e adaptado ás necesidades de saúde presentes e futuras, das veciñas e veciños deste concello.

O centro de saúde de Ares ofrece a atención a un total de 4.814 tarxetas sanitarias, das que 560 son menores de 15 anos. Neste centro, traballan un total de tres especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, unha pediatra, unha matrona, catro profesionais de enfermmería, e dous administrativos. Na súa carteira de servizos ofrécese atención ó adolescente, ó adulto, ó ancián, ó paciente crónico; e asistencia domiciliaria, pediátrica, da muller e do neno san.

Conta tamén con cirurxía menor, descentralización do tratamento de anticoagulación oral, con doppler vascular, con tonómetro, con petición electrónica do laboratorio, e con consulta telefónica.

Pola súa banda, no primeiro andar habilitáronse tres consultas e dúas salas de enfermmería, sala



de educación da saúde, ademais doutras estancias coma despachos para xestión e coordinación, almacén ou consulta para matrona.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45442
Data envío: 05/02/2019 16:16:21.863

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:16:19

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35381** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo e as previsións do Sergas para garantir a cobertura das prazas de pediatría necesarias nos centros de saúde de Coruxo e de Navia, en Vigo, así como as medidas que está a adoptar para garantir a atención pediátrica para o conxunto da poboación infantil de Galicia”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente é intención dotar ao Centro de Saúde de Navia, que non está masificado en absoluto e ten espazo e consultas libres, de pediatra e enfermería para asumir aos nenos que actualmente hai en Coruxo, que están sendo atendidos por unha substituta, ante a xubilación da titular da praza.

Coruxo dista apenas 3 km do centro de saúde de Navia, polo que non afectaría practicamente en nada aos seus usuarios, e menos se vemos as vantaxes que lles vai reportar ese curto desprazamento:

- liberdade de elección entre os 4 pediatras que terá Navia e non ser cautivo da imposibilidade de elección.
- ampliación da franxa horaria, ao estar dispoñible a atención pediátrica de mañá e de tarde.
- posibilidade de que os pediatras poidan facer unha atención en equipo naqueles casos máis complexos, xa que a existencia de máis dun pediatra permite consultar dúbidas e polo tanto unha atención máis resolutiva.
- garantía de continuidade, xa que con 4 pediatras a atención pediátrica está garantida todos



os días hábiles do ano, cousa que non ocorre en Coruxo, onde as vacacións, os permisos, as ausencias imprevistas, etc, ante a ausencia de substitutos, fai que deban ser cubertas por médicos de familia, ou obriga a desprazar sistematicamente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45441
Data envío: 05/02/2019 16:16:13.769

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:16:10

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35383** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación levada a cabo pola Dirección do Hospital "Lucus Augusti" de Lugo en relación co suicidio dunha doente nese centro o día 12 de maio de 2018 e as previsións do Goberno galego ao respectos”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As actuacións levadas a cabo pola dirección do HULA foron as adecuadas. Dado que o suceso aconteceu un sábado, o Xefe da Garda dese día asumiu a coordinación das actuacións de forma inmediata, estando desde o primeiro momento e xunto coa Supervisora de Enfermería de Garda ao fronte das mesmas.

A doente foi ingresada nun Servizo de Cirurxía. Esta doente foi valorada polo Servizo de Psiquiatría sen apreciarse risco autolítico e sen necesidade de traslado á Unidade de Agudos nin de aplicar o Protocolo de Pacientes Ingresados con Risco de suicidio.

Cando aconteceu este accidente non se atopaba ningún familiar da doente no Hospital. Foron informados telefonicamente polo facultativo responsable da doente. Loxicamente dada a gravidade do sucedido utilizouse o medio máis rápido, a comunicación telefónica.

Tanto o Xefe de Garda como a Supervisora estiveron pendentes da chegada dos familiares para atendelos.

Utilizouse o Sistema de Notificación de Eventos Adversos (SINAPS) realizándose unha análise para avaliar o acontecido e a proceder a aplicar as medidas de mellora necesarias.

Ademais de iniciar este procedemento a Dirección Asistencial, en concreto o Director de Procesos Asistencias e o Director de Procesos con Ingreso, reuníronse cos familiares o día 16 de maio e informaron de todas as accións realizadas, e as que se estaban levando a cabo para a análise deste incidente. Ofrecéuselles atención Psicolóxica, sendo atendidos na Unidade de



Saúde Mental correspondente e de forma inmediata.

O Hospital ten establecido un programa de actuacións ante estas situacións e tamén ante a sospeita de condutas autolíticas, pero somos conscientes que, como se recolle no protocolo de pacientes ingresados con risco de suicidio, non existe ningún método totalmente fiable para previr o suicidio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45440
Data envío: 05/02/2019 16:16:05.894

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:16:03

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35436** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “ **as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos incumprimentos da normativa aplicable detectados nos vehículos do transporte sanitario urxente**”, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Todas as ambulancias que integran a rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061 cumpren o Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada, o Real decreto 866/2010, de 2 de xullo, polo que se regula a tramitación das reformas de vehículos.

Cumpren tamén coa norma UNE EN 1789:2007+A2:2014 ademais do Regulamento da Unión Europea nº 1230/2012 da Comisión do 12 decembro de 2012 polo que se desenvolve o Regulamento (CE) nº 666/2009 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta aos requisitos de homologación de tipo relativos ás masas e dimensións dos vehículos a motor e dos seus remolques e polo que se modifica a Directiva 2007/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello e se deroga a Directiva 92/21/CEE, relativa ás masas e dimensións dos vehículos a motor categoría M1, segundo confirma o informe pericial visado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia solicitado pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para coñecer de xeito independente a situación real das ambulancias que ten contratadas.

Examináronse 25 ambulancias pertencentes á rede de transporte sanitario urxente no que se incluía a totalidade das ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado, o informe conclúe:

1. A totalidade das ambulancias inspeccionadas cumpren con todas as exixencias normativas aplicables.



2. Comprobase o peso de cada unha das ambulancias sendo todas elas aptas atendendo ás exigencias de masas máximas admisibles segundo a normativa aplicable.

3. O estado de conservación de todas as ambulancias así como os equipos opcionais instalados era conforme no momento da súa inspección.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 facilitou unha copia deste informe a súa Xunta de Persoal polo que os traballadores son coñecedores do mesmo.

En relación á falta de material ao que aluden, como por exemplo a falta de rodas de reposto, tan só aclarar, que cos avances tecnolóxicos outras opcións teñen cabida no marco legal como o kit reparapinchazos que é o equipamento que levan todas ás ambulancias pertencentes a rede, en conformidade co equipamento obrigatorio de vehículos que recolle o Anexo XII do Regulamento Xeral de Vehículos.

Polo tanto, no momento actual, as ambulancias que prestan os seus servizos para a Fundación Pública Urgencias sanitarias de Galicia-061 cumpren estritamente a lexislación vixente e realizan os controis estipulados na normativa ao respecto, realizando a súa actividade con eficacia e seguridade para os doentes e para as dotacións sanitarias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:58:53
Nº Rexistro: 45153
Data envío: 01/02/2019 13:58:53.671

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:58:49

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35446** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á relación contractual que está a manter cos centros concertados para a prestación do servizo de diálise, a situación na que se atopa a regularización desas contratacións e as actuacións levadas a cabo para o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas na materia, así como as razóns da demora na elaboración dun plan específico de saúde renal e das variacións detectadas por ese organismo nos servizos de hemodiálise”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A relación contractual entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados para a prestación do servizo de hemodiálise na Comunidade, cumpre cos criterios esixidos tanto pola normativa vixente como pola lei de transparencia.

Todas as contratacións entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados están regularizadas, dispoñendo de concertos en vigor.

Adecuáronse as tarifas por sesión a un valor equivalente nas diferentes áreas sanitarias. Ademais, actualizáronse os concertos con cada centro así como se iniciaron procedementos en libre concorrência para a prestación da hemodiálise en determinadas áreas.

A patoloxía renal é variada, así como a etioloxía das súas diferentes patoloxías, e a diferente evolución de cada unha delas fan necesario que se elaboren procesos diferentes polo que a elaboración dunha estratexia xenérica de saúde renal non resulta adecuada.

No ano 2016 subscribiuse un concerto específico para hemodiálisis con DIAVERUM, empresa que adquiriu a antiga clínica de Souto Boo. Desde entón renováronse as instalacións e adecuáronse ás tarifas. Desta forma, os prezos por sesión na clínica Souto Boo son semellantes ás das outros centros.



A media de coste por tratamento en Galicia de todos os centros é de 133,75 euros por sesión, cunha desviación típica de 5,88 segundo o centro de hemodiálise. Tanto o importe por sesión como a desviación típica, indican que son valores adecuados á prestación sanitaria da que se trata.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:58:44
Nº Rexistro: 45152
Data envío: 01/02/2019 13:58:44.421

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:58:40

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35451** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento na actualidade da normativa vixente en materia de incompatibilidades en relación co persoal sanitario do Sergas, así como as súas previsións relativas ao desenvolvemento dalgunha medida ao respecto”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde aplica de forma escrupulosa a normativa vixente en materia de compatibilidades en relación con todo o seu persoal. A normativa en materia de incompatibilidades ten a consideración de bases do réxime estatutario da función pública, sendo competencia do Estado en virtude dos artigos 103.3 y 149.1.18 da Constitución Española.

O sistema de provisión de prazas de xefatura no Servizo Galego de Saúde, regulado polo Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece que os postos de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade, e postos de xefatura de servizo ou unidade de atención primaria que requiran adicación exclusiva ás funcións de xefatura, de persoal licenciado sanitario, se proverán mediante un proceso de selección nos que poderá valorarse a adicación profesional prioritaria ou exclusiva á institución sanitaria. En aplicación desta habilitación normativa nas convocatorias de xefaturas de persoal licenciado sanitario, vense valorando de maneira reiterada a prestación de servizos en exclusiva para o sistema sanitario público de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:58:34
Nº Rexistro: 45151
Data envío: 01/02/2019 13:58:34.921

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:58:31

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35453** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a planificación existente no Hospital Comarcal do Salnés en relación coa atención aos partos durante os meses de verán e as razóns que hai para continuar pechando servizos nel na época estival”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A planificación da atención aos partos no Hospital do Salnés durante os meses de verán ven sendo a mesma que o resto do ano, é dicir, atención aos mesmos no propio centro. Non houbo derivación de ningún parto ao Complexo Hospitalario de Pontevedra durante o verán.

Con respecto a reorganización de camas que se produce no Hospital durante os meses de verán, cabe sinalar que non entran nesta reorganización as camas de obstetricia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:58:25
Nº Rexistro: 45150
Data envío: 01/02/2019 13:58:25.827

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:58:22

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35466** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura das baixas e xubilacións das matronas, as actuación que vai levar a cabo para resolver a carencia delas na provincia de Ourense, en especial, na atención primaria e o posible cumprimento do disposto no Plan integral de saúde da muller en Galicia, así como as recomendacións da Organización Mundial da Saúde ao respecto”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os cambios demográficos e sociais xeraron que unha gran parte da provincia de Ourense teña unha poboación na que o número de mulleres en idade fértil ten diminuído significativamente nos últimos anos, pasando de estar en cifras por riba de 71.000 mulleres en idade fértil no ano 2010 a caer dita cifra por debaixo de 59.000 mulleres no ano 2017. Con respecto ao número de nacementos encontrámonos tamén cunha situación semellante á anterior, dando lugar a unha pirámide de poboación moi envellecida.

A organización sanitaria de matronas, con respecto as atencións demandadas polas mulleres en idade fértil está centralizada nos concellos de Barbadás, O Carballiño, Ribadavia, Allariz, Verín, O Barco de Valdeorras, Xinzo, Celanova e Ourense.

A centralización do recurso asistencial de matrona ten a súa xustificación en poder atender ás mulleres en idade fértil que viven na zona rural.

Pese a esta negativa perspectiva poboacional, na actualidade o cadro de persoal de matronas está formado por 37 profesionais, distribuídas do seguinte xeito: **CHUO 15, Atención Primaria 9, O Barco de Valdeorras 8 e Verín 5**. Se temos en conta o número total de mulleres en idade fértil da provincia de Ourense, 58.363, a ratio de usuarias por matrona fixaríase en 1577, cifra que nos coloca por debaixo das 2000 potenciais usuarias por profesional.

Ata o de agora se teñen cuberto todas as xubilacións e seguirá facéndose con criterios de



cobertura poboacional e número de mulleres fértiles por matrona.

Na Oferta Pública de emprego para o 2018 ofértanse 62 prazas de enfermeiro especialista en enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrón/a).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:58:16
Nº Rexistro: 45149
Data envío: 01/02/2019 13:58:16.733

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:58:13

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35476** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Monterrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións laborais dos técnicos en coidados auxiliares de enfermería (TCAE) do novo hospital de Vigo referidas ao traslado das bolsas da roupa sucia e a retirada dos expedientes sancionadores iniciados, as razóns da empresa concesionaria para non asumir esa función e o seguimento que fai o Sergas da dispoñibilidade por esta do persoal necesario para a prestación dos servizos concesionados”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á Interpelación número 31237 no pleno que tivo lugar o 19 de xuño de 2018.

A resposta pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-06-20?part=054b3a5d-39f3-4de8-9020-212df7608415&start=14425.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-06-20?part=054b3a5d-39f3-4de8-9020-212df7608415&start=14425)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:19:00
Nº Rexistro: 45286
Data envío: 04/02/2019 13:19:00.022

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:18:55

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35478** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Monterrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para procurar unha saída consensuada ás demandas dos médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense referidas á redistribución das áreas de descanso vixente desde o 10 de maio de 2018 e as razóns técnicas dos cambios introducidos”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O motivo principal do cambio foi deixar libre o espazo ocupado pola dirección de enfermería na terceira para habilitar un novo Hospital de Día de Neumoloxía.

O traslado de enfermería ao quinto andar, co resto da dirección, permite reunificala e, reubicar fora dun espazo de oficina, aos seis dormitorios que quedaban separados. Estes seis dormitorios pasaron a nove habitacións, que veñen de ser pintadas, ocupadas por pacientes ata o traslado ao novo edificio, situadas na cuarta planta, nunha zona tranquila e próxima ás áreas de urxencias, quirófanos e hospitalización.

En ningún caso aumentáronse o número de despachos destinados a dirección. Do traslado dos cuartos falouse durante semanas coa comisión de docencia, titores e os propios residentes. .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:18:50
Nº Rexistro: 45285
Data envío: 04/02/2019 13:18:50.897

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:18:47

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35480** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non cubrir as baixas e vacacións do persoal facultativo do Servizo de Pediatría en Burela, Cervo e San Cibrao, así como as medidas previstas para evitar a repetición da situación xerada con esa decisión”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Garantir a calidade da prestación sanitaria pediátrica nos Servizos de Atención Primaria contéplase como prioritaria. Non obstante é primordial poñer de manifesto que non existen especialistas en pediatría dispoñibles para ser contratados (feito que é facilmente comprobable en organismos oficiais, asociacións profesionais, listas de contratación, etc.) o que dificulta a cobertura do cadro de persoal desta categoría nas súas ausencias regulamentarias e situacións de incapacidade temporal. Este déficit de pediatras dificulta máis, se cabe, a cobertura nas zonas rurais e sobre todo as que cobren varias localidades.

De xeito xeral esta Área Sanitaria, planifica, na medida do posible os permisos regulamentarios e situacións de incapacidade temporal dos profesionais dos Centros Asistenciais do seu ámbito, de tal xeito que non supoñan unha merma da calidade asistencial. Por mor desta falta de dispoñibilidade material de pediatras en situación de desemprego, estamos a realizar importantes esforzos para manter de xeito continuado a atención pediátrica nos nosos Servizos de Atención Primaria. As ausencias dos profesionais e as súas substitucións estanse a valorar no



conxunto da Área, utilizando os recursos dos que dispoñemos en aqueles servizos onde son mais necesarios, sendo Burela un dos servizos prioritarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:18:42
Nº Rexistro: 45284
Data envío: 04/02/2019 13:18:42.975

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:18:38

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35485** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as previsións do Sergas respecto da recuperación dos acordos de mellora das condicións laborais e salariais do seu persoal suspendidos desde o ano 2010”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En diferentes mesas sectoriais tratouse cos representantes dos traballadores sobre os acordos e pactos de melloras retributivas que, desde o ano 2009, quedaron suspendidos nas leis de presupostos ao fío da crise económica.

Hai dereitos que se foron recuperando nesta última lexislatura como a devolución da paga extra de decembro de 2012; a suba do 1% das retribucións no 2016, a devolución do complemento específico adicional de xaneiro e febreiro de 2013 e a recuperación dos días de libre disposición máis os días adicionais de vacacións.

Na Lei de Orzamentos do ano 2017 contemplouse recuperar os complementos específicos adicionais das pagas extras de xuño e decembro, así como un incremento do 1% máis de subida nas retribucións.

Así mesmo adoptáronse outras medidas de mellora das condicións de traballo: opes anuais, un plan de estabilidade para reducir os índices de temporalidade, un novo pacto de contratación, o concurso de traslados aberto e permanente...

Na lei de orzamentos do 2018, e de conformidade coa lei de orzamentos do Estado, contemplouse unha suba salarial do 1,7% nas retribucións de todos os empregados públicos; e na la Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, no seu artigo 6. ‘Protección da maternidade e paternidade’ recolle unha ampliación da duración dos permisos de maternidade e paternidade, o aboamento do promedio da atención continuada derivada da prestación de



gardas, noites e festivos, nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e lactancia.

Así mesmo, a través da Orde do 20 de xullo de 2018, publicouse o Acordo sobre as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas a esta Consellería e a dito organismo, acordo que foi negociado cos sindicatos da mesa sectorial .

De conformidade coas normas presupostarias está previsto aplicar un incremento do 2,25% este ano.

Tamén hai outras medidas na lei de medidas (aplicables a todos os empregados) como o cobro do 100% das retribucións en todas as baixas laborais e desde o primeiro día.

Polo que se refire a OPE a través do Decreto 162/2018, do 13 de decembro, aprobouse a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do SERGAS (1.400 prazas) .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:18:32
Nº Rexistro: 45283
Data envío: 04/02/2019 13:18:32.772

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:18:29

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35487** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a planificación do Goberno galego para solucionar o déficit de profesionais existente no Sergas, as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central do aumento do número de prazas para adaptar as de formación polo sistema de residencia MIR e EIR que se ofertan en Galicia ás necesidades reais do Sergas, así como a presentación dun plan de estabilidade no emprego para a súa negociación na Mesa sectorial”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á Pregunta Oral que tivo lugar no pleno do 5 de decembro de 2018.

Pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-12-05?part=141e80b1-5537-40c7-a57e-990cb1538db2&start=4221.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-12-05?part=141e80b1-5537-40c7-a57e-990cb1538db2&start=4221)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:18:24
Nº Rexistro: 45282
Data envío: 04/02/2019 13:18:24.491

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:18:21

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35492** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os datos referidos ás camas e aos servizos que se van pechar durante os meses de verán nos hospitais do Sergas, así como ás vacacións do persoal que se van cubrir en cada área sanitaria e o plan que se vai desenvolver diante das situacións de colapso que se están a producir na rede hospitalaria pública”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde planifica, todos os anos, a adecuación dos recursos asistenciais no período estival tendo en conta o decrecemento da demanda asistencial, motivado pola diminución da morbilidade estacional de determinadas patoloxías. Ademais, neste período prográmanse as vacacións dos profesionais e mantéñense operativos os recursos adaptados a esta realidade.

As camas hospitalarias están todas dispoñibles de acordo coas necesidades de hospitalización dos pacientes en cada momento.

No ano 2018 durante os meses de verán a porcentaxe media de camas funcionantes foi do 88%, aproximadamente un 13% máis das ocupadas no ano 2017.

Débese entender que a sanidade e polo tanto as necesidades asistenciais, son procesos dinámicos e que se encontrará o número de profesionais que sexan necesarios en cada momento para garantir a asistencia sanitaria nos centros.

As ausencias do persoal cóbrense sempre que a demanda asistencial así o require, en garantía da saúde da cidadanía.

O SERGAS leva a cabo unha planificación sobre cal será a ocupación prevista de camas durante a época de verán tanto por ingresos médicos como os derivados da actividade cirúrxica. Esta



planificación elabórase tendo en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias e en cada área sanitaria concreta, en períodos similares anteriores.

Como medida de reforzo operativa fronte á posibilidade de que ocorran situacións excepcionais e imprevisibles, nos centros hospitalarios existe un Plan de Continxencia que permite adoptar de xeito áxil as medidas necesarias destinadas á adecuación dos recursos asistenciais.

A planificación asistencial estival basease nos indicadores asistenciais e de actividade hospitalarios dos anos anteriores e no comportamento estacional das patoloxías máis prevalentes na hospitalización.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:58:08
Nº Rexistro: 45148
Data envío: 01/02/2019 13:58:08.436

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:58:04

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35496** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o prazo previsto para a posta en funcionamento do novo servizo de cociña no novo edificio dese hospital e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego na cociña actual namentres, así como a súa opinión respecto da garantía nesta das condicións de seguridade laboral necesarias”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación co servizo de cociña do Complexo Hospitalario de Ourense efectivamente recibíuse na Estrutura de Xestión Integrada de Ourense a proposta de requirimento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, segundo o previsto no Real decreto 707/2002, do 19 de xullo.

De conformidade co establecido no artigo 5 do mencionado Real Decreto formuláronse as seguintes alegacións:

1. Queda constatado na proposta de requirimento da Inspección de Traballo o anuncio de contratación da obra para a construción dunha nova infraestrutura para a cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, co fin de dotala dos espazos adecuados e eliminar as deficiencias estruturais das actuais instalacións, ubicándola no edificio do novo hospital.
2. A Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL) elaborou informe de visita, observándose determinadas deficiencias relativas ao mantemento e coidado do material, coincidindo coas observacións realizadas pola Inspección na súa proposta.
3. Ante dita situación tivo lugar unha reunión para analizar as deficiencias observadas así como establecer os ámbitos de actuación e medidas necesarias para a súa subsanación e poder determinar as medidas a levar a cabo mentres a nova cocina no estea en funcionamento.



Entre as medidas a adoptar están: Revisar e facer cumprir os protocolos de limpeza, revisar os procedementos de traballo (cumprimento das normas de seguridade), constatar que os traballadores dispoñen de equipos de protección individual (EPIS) e se requirirá a súa utilización en orden a evitar los accidentes.

4. Remitiuse o Protocolo de limpeza a realizar nas dependencias da cociña, así como o Procedemento de limpeza no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, xunto coa táboa de frecuencia das tarefas, recordándoselle á empresa adxudicataria a obrigatoriedade no seu cumprimento. E tamén se ordena que inclúan estes procedementos específicos para a área de cociña no seu Manual de Procedementos do Servizo de Limpeza.

5. Nestes momentos foron realizadas as seguintes actuacións:

Información aos traballadores dos circuitos a realizar

Reparación de marmitas

Reparación do cadro eléctrico e enchufes

Protección da picadora de carne

A contratación da subministración de equipamento de cociña, con adecuación de espazos con destino ao novo edificio de hospitalización do Complexo Hospitalario de Ourense xa foi adxudicada o 1 de outubro de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:18:16
Nº Rexistro: 45281
Data envío: 04/02/2019 13:18:16.538

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:18:08

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35500** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os datos do Goberno galego referidos ao uso do dispositivo intrauterino ESSURE polas mulleres en Galicia e os efectos adversos que lles está a ocasionar, a existencia dalgún protocolo no Sergas para a súa retirada, así como o que se estaba a seguir en relación coa información e consentimento para a súa implantación”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O protocolo para a retirada do dispositivo intrauterino Essure pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/1086/PROTOCOLO%20RETIRADA%20ESSURE.pdf>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2019 13:58:00
Nº Rexistro: 45147
Data envío: 01/02/2019 13:58:00.014

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/02/2019 13:57:55

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35523** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/as deputados/as máis, sobre **“as demandas que vai realizar o Sergas ao Concello de Tui en relación coas repercusións que ten na asistencia sanitaria do centro de saúde a instalación de atraccións de feira, con motivo das festas patronais, na explanada contigua ao centro”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xerencia de Xestión Integrada de Vigo foi remitida unha carta ao Alcalde de Tui comunicándolle a preocupación que entran para os profesionais do Servizo Galego de Saúde, e tamén directamente para os pacientes atendidos no Centro de Saúde de Tui e do PAC, ante o emprazamento de atraccións con motivo das Festas de San Telmo na explanada contigua ao centro de Saúde, sen que polo momento se obtivera ningunha resposta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45437
Data envío: 05/02/2019 16:15:42.550

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:15:39

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:18:04
Nº Rexistro: 45280

Data envío: 04/02/2019 13:18:04.054

Data 04/02/2019 13:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35532**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns do Goberno galego para non xestionar de xeito eficaz a cobertura de prazas durante as baixas e vacacións do persoal nos centros de atención primaria, así como as súas previsións respecto de dotar o Centro de Saúde do Temple, no concello de Cambre, dun pediatra en rolda de tarde e dun fisioterapeuta máis para evitar as listas de espera actuais”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A xestión das coberturas no caso de ausencias é eficaz e eficiente, e garante o correcto funcionamento do centro de saúde e a atención á saúde da poboación.

As ratios de poboación atendida por profesional non acadan un volume suficiente para a creación dunha segunda praza de pediatría, xa que neste momento hai 1.000 TIS de menores de 15 anos (ratio axeitado para un so profesional) para a atención en pediatría, polo que non está previsto o incremento.

A unidade de fisioterapia de atención primaria conta con recursos e dotación de persoal similar a outras unidades. O persoal realiza a valoración das persoas que teñen indicado o tratamento e prográmanse as sesións segundo a priorización clínica que corresponde a cada paciente.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



A atención primaria en Galicia, e particularmente na Area Sanitaria da Coruña, proporciona servizos cuns elevados estándares de calidade, que se cumpren no concello de Cambre, tanto na Unidade de Atención Primaria do Temple coma no Servizo de Atención Primaria de Cambre-Carral”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:18:04
Nº Rexistro: 45280
Data envío: 04/02/2019 13:18:04.054

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:18:00

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:17:55
Nº Rexistro: 45279
Data envío: 04/02/2019 13:17:55.850
Data: 04/02/2019 13:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35535**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e económicos necesarios para o desenvolvemento do Plan galego de prevención de suicidios, a supervisión da súa implantación e execución e a posta en marcha dun programa de formación dirixido aos profesionais da sanidade para o tratamento temperán dos factores que inciden neles”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Prevención do Suicidio en Galicia aséntase nos principios de eficiencia, corresponsabilización, coordinación interinstitucional e accesibilidade. Para o desenvolvemento das medidas de coordinación, prevención e abordaxe, formación a profesionais e posvención a sobreviventes contase coas partidas orzamentarias designadas ao efecto das retribucións profesionais do capítulo correspondente dos presupostos xerais das comunidades autónomas. As iniciativas dirixidas a aumentar a sensibilización social fronte o suicidio, a investigación e alerta epidemiolóxica desenvolveranse con fondos destinados a actuacións sociosanitarias, se ben non se prevé que exista unha partida orzamentaria específica a tal efecto.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



O Plan é unha estratexia permanente e revisable, e o desenvolvemento das medidas realizarase ao longo do periodo 2017-2020. Unha vez iniciada a súa implantación, e en función dos resultados obtidos, de determinarse necesidades non cubertas nalgún aspecto concreto poderíanse incrementar os recursos destinados ao seu desenvolvemento.

No Plan de Prevención do Suicidio en Galicia prevese a creación da Comisión Interdepartamental de Coordinación para a Prevención e Atención das Condutas Suicidas, que entre as súas funcións terá as de propoñer accións de prevención e actuación, supervisar e garantir unha avaliación continua e emitir informes.

Polo que respecta á formación desenvolveranse cursos destinados a profesionais de atención primaria (médicos e enfermería) centrados en identificación de grupos de risco (maiores, adolescentes, pacientes con enfermidades físicas dolorosas, adiccións) e en técnicas de entrevista específicas para a detección e manexo da conduta suicida.

Durante a implantación do proceso de atención integral á depresión, o persoal de atención primaria terá ferramentas para explorar a existencia de factores de risco asociados á conduta suicida, e en caso positivo, avaliar explicitamente a existencia de ideas, planes ou condutas suicidas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:17:55
Nº Rexistro: 45279
Data envío: 04/02/2019 13:17:55.850

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:17:43

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:17:38
Nº Rexistro: 45278
Data envío: 04/02/2019 13:17:38.272
Data 04/02/2019 13:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35537**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o contido do convenio asinado entre o Sergas e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación do disposto no Plan nacional para a abordaxe da hepatitis C no Sistema nacional de saúde, así como o número de persoas reclusas tratadas coa medicación indicada**”, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde presta a atención sanitaria requirida para os pacientes reclusos en institucións penitenciarias con infección crónica polo virus da Hepatite C, incluíndo nesa atención o diagnóstico, a valoración do paciente, indicación de tratamento e posterior seguimento.

En canto, ao subministro da medicación é competencia de Institucións penitenciarias levalo a cabo. Feito que quedou de manifesto por sentenza do Xulgado Contencioso administrativo.

Esta situación queda perfectamente reflectida no Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Institucións Penitenciarias firmado no mes de abril de 2016. Nos compromisos recollidos no citado texto establécese que o Servizo galego de Saúde pon a disposición dos centros penitenciarios ubicados na nosa Comunidade todos os seus medios e dispositivos asistenciais, co fin de desenvolver a cooperación necesaria en relación a estes pacientes reclusos infectados polo virus da Hepatite C e co fin de colaborar no seguimento destes pacientes.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Incluso antes da formalización do Convenio do mes de abril de 2016, xa temos asistido e tratado pacientes cos recursos asistenciais e medicamentos subministrados por parte do Servizo Galego de Saúde.

Polo tanto, calquera usuario con Hepatite C Crónica que se atope en institucións penitenciarias e susceptible de tratamento, ten garantida a atención sanitaria polos facultativos do Servizo Galego de Saúde con experiencia no manexo desta enfermidade.

En canto ao número de reclusos infectados polo virus da Hepatite C é unha cuestión que se deberían trasladar aos responsables destas Institucións que son os competentes para facilitar dita información”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:17:38
Nº Rexistro: 45278
Data envío: 04/02/2019 13:17:38.272

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:17:34

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35641** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/as deputados/as máis, sobre **“Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias detectadas na atención que se está a prestar en materia de cirurxía pediátrica en Ourense”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A área de servizo compartido ven funcionando correctamente. No CHUO intervíronse no ano 2017 un total de 170 pacientes e realizáronse 1.129 consultas externas. Nos dous primeiros meses do ano 2018, a actividade cirúrxica incrementouse nun 27% (51 intervencións) e as consultas externas nun 16% (218 consultas) sobre o mesmo período do ano 2017 e as listas de espera cirúrxica e de consultas veñen con descenso continuo en número de pacientes e en esperas medias, ata o punto que neste momento a consulta externa de primeiras consultas xa non ten demora.

A decisión da creación da Área de servizo compartida obedece a causas de tipo asistencial e técnico e teñen o seu refrendo e soporte legal na Lei 8//2008, de Saúde de Galicia (artigos 32 e 97) e do decreto 37/2001, d0 1 de febreiro, de áreas de servizo compartido en estruturas hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Os criterios de carteira de servizos na cirurxía pediátrica na Área de servizo compartido se teñen fixado atendendo a motivos asistenciais e profesionais. Neles están representados os servizos de cirurxía pediátrica, pediatría, cirurxía xeral, anestesia e reanimación, calidade, admisión de pacientes e uroloxía. Polo tanto, se procura a mellor atención posible tendo en conta a casuística, a experiencia clínica e a dotación necesaria para afrontala.

Os custos de desprazamento son os normais nestes casos e non se diferencian dos resultantes dos desprazamentos ordinarios de pacientes adultos entre hospitais de Galicia e incluso de fóra da Comunidade Autónoma, tanto para consulta como para exploracións, tratamentos ou seguimentos de patoloxías.



No caso de cirurxía pediátrica en Ourense, as demoras medias para consultas externas están dentro das ratios do SERGAS para esta especialidade. En Ourense, a 30 de xuño de 2018, a espera media de cirurxía é de 32,1 días e a espera media de consultas externas é de 18 días.

A prestación da cirurxía pediátrica en Ourense está garantida e as ratios son as adecuadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45435
Data envío: 05/02/2019 16:15:28.143

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:15:21

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35666** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/as deputados/as máis, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de poñer en marcha unha estratexia galega de atención ás persoas con dano cerebral adquirido, así como de crear un censo delas para dimensionar de xeito axeitado os recursos necesarios e as súas intencións en relación coa implantación da categoría diagnóstica "Dano cerebral adquirido" e a garantía da atención no tempo e na forma para evitar as secuelas derivadas das demoras na rehabilitación”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Atención ao Ictus, presentado o 4 de xullo de 2016, supuxo unha mellora na atención sanitaria na nosa Comunidade no referente ao ataque de ictus. Como consecuencia deste Plan creáronse 3 unidades de ictus no CHUS, CHUAC e HAC, 5 equipos de ictus no CHOP, CHUO, HULA, CHUF e hospital de Burela.

Tamén se creou a Central de Atención ao Ictus, onde un neurólogo experto acompaña os casos de ictus en toda a comunidade e, se o estimase necesario o médico responsable do paciente, podería acompañar a este para decidir tanto no diagnóstico como no tratamento da fase aguda, en calquera sitio de Galicia as 24 horas do día os 365 días do ano.

Un aspecto fundamental cando falamos da atención a esta doenza, é a atención á fase subaguda do ictus. Neste sentido o Servizo Galego de Saúde fixo un esforzo importante para desenvolver unha rede que ofrezca resposta ás necesidades destes pacientes.

A rede de servizos de rehabilitación dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, ofrece atención para a rehabilitación das persoas con dano cerebral adquirido, na que se inclúe o ictus. Esta rede de asistencia complementase coas unidades de fisioterapia de atención primaria. Estas unidades permiten dar asistencia sanitaria a aquelas persoas sen complexidade e que poidan ser asumidas por este recurso asistencial.

A Consellería de Sanidade preocúpalle a situación clínica das persoas que sufren un maior dano cerebral, xa que para estas non existía un recurso que poidese ofrecerlle unha atención personalizada que permita mellorar a situación funcional destas persoas. Por iso, o Servizo



Galego de Saúde concertou coa Clínica Quirón Salud – Hospital Miguel Domínguez para a atención de pacientes con secuelas de dano cerebral e que se encontren en situación de ‘estado de vixilia sen resposta’ e tamén, nos ‘estados de mínima conciencia’ (sen estar en situación de coma).

Este recurso permite que os casos máis graves poidan quedar en condicións de internamento, durante un período de 3 meses e durante os que se lles efectuará tratamento intensivo de rehabilitación neurolóxica específica en dano cerebral adquirido. Este é o tempo adecuado para o desenvolvemento e intento de rehabilitación do dano neurolóxico sobrevenido tras o accidente.

É importante salientar que non existe lista de espera para ingresar neste recurso asistencial. Durante o mes de febreiro ampliárase o convenio coa Clínica Quirón Salud-Hospital Miguel Domínguez, para aquelas persoas que sexan dadas de alta dun centro hospitalario como consecuencia dun dano cerebral adquirido grave.

Por outro lado, hai máis dun ano, creouse a Unidade de Neuro-Rehabilitación do Hospital Álvaro Cunqueiro que establece os protocolos de atención necesarios para desenvolver programas de rehabilitación medular e/ou neuronal en personas con dano cerebral adquirido.

Entendemos que coa rede asistencial da que dispón a Consellería de Sanidade, complementada cos recursos da Consellería de Política Social, podemos dar ás persoas que teñen un ictus, unha resposta ás necesidades de rehabilitación na fase subaguda do dano cerebral adquirido. O interese da Consellería de Sanidade é ir mellorando a calidade e seguridade das prestacións sanitarias que ofrece o Servizo Galego de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45434
Data envío: 05/02/2019 16:15:16.362

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:15:11

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35670** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas ao prazo de construción, orzamento, prestacións e servizos do novo centro de saúde de Poio, o mantemento dos consultorios periféricos de Raxó e Combarro e a adopción de medidas para acabar coas listas de espera nese concello”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Da análise da actividade por centro, nos últimos 5 anos observamos que en Anafáns, tras un repunte no ano 2015, a actividade diminuíu considerablemente situándose por baixo mesmo da do ano 2014, en Combarro tras un lixeiro incremento diminuíu no ano 18 respecto do 17 e en Raxó tras manterse máis ou menos estable, diminúe tamén no ano 18 respecto do 17.

O Concello de Poio ten unha poboación (INE) de 16.794 habitantes en 2014 e 16.901 habitantes en 2016.

O número total de TIS (Tarxeta Individual Sanitaria) que temos neste Concello é de 13.109 (a data 31/12/18), o que indica que hai un número de veciños deste Concello que teñen o seu médico de cabeceira noutro Centro distinto aos de Anafáns, Combarro e Raxó.

En conclusión o número de habitantes non é o único parámetro a ter en conta á hora de xestionar, non só a dotación de profesionais, senón tamén no referente á dotación de espazos, dado que este Concello está situado moi próximo a Pontevedra, onde se sitúan os seus Hospitais de referencia así como as diferentes especialidades médicas e probas complementarias que puidesen necesitar os pacientes.

As ausencias dos profesionais, están a cubrirse cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.”



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2019 13:17:30
Nº Rexistro: 45277
Data envío: 04/02/2019 13:17:30.225

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/02/2019 13:17:26

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45433

Data envío: 05/02/2019 16:15:04.924

Data 05/02/2019 16:15

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35734**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os informes que posúe a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento do Plan de asistencia integral á saúde da muller en Galicia e as actuacións que se están a levar a cabo para a súa aplicación, así como as medidas adoptadas para garantir a interrupción voluntaria do embarazo e os dereitos sexuais e reprodutivos na rede sanitaria pública”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Atención Integral á Saúde da Muller de Galicia aprobado no 2007 incluía 32 proxectos interrelacionados entre si. Para a súa implantación e extensión elaboráronse varias guías técnicas co obxectivo de que os/as profesionais do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) implementaran esas recomendacións.

Das guías elaboradas no 2008, algunhas foron revisadas e actualizadas en base a evidencia científica actual, entre elas destacar a de cribado de cancro de cervix ou a de violencia de xénero, e outras están en proceso de revisión e actualización. Todas as guías e folletos divulgativos están a disposición de profesionais e usuarias/os na web do SERGAS.

Tamén se elaboraron novas guías técnicas de procesos asistenciais como a de abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino ou o protocolo de cribado da enfermidade de Chagas en mulleres embarazadas.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 3



Este Goberno considera que documentos como as guías técnicas e os protocolos son un instrumento útil para homoxeneizar a asistencia e diminuír así a iniquidade consecuencia da variabilidade asistencial.

Ademáis adecuáronse os espazos, realizándose reformas estruturais e mellora do equipamento dos espazos adicados á atención á saúde sexual e reprodutiva da muller.

Dentro da atención ás mulleres embarazadas incluíuse a vacina da tosferina co fin de que os neonatos reciban vía transplacentaria ou a través do leite materno anticorpos suficientes que os protexa desta infección os primeiros meses de vida.

Outro dos avances realizados por este Goberno nos últimos anos foi a creación de 2 bancos de leite humano (H Alvaro Cunqueiro e CHU de Santiago) para garantir, o subministro de leite materno doado de forma segura, para a alimentación de prematuros de menos de 32 semanas de xestación ou de menos de 1,500 gr. e de nenos/as enfermos que non poidan recibir leite da súa nai de forma transitoria ou permanente.

Tamén é de grande importancia continuar coa formación dos/as profesionais do SERGAS, así como da información axeitada á poboación, incluíndose dentro da oferta anual de formación continuada do SERGAS cursos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva da muller á vez que se celebran reunións científicas de traballo multidisciplinar, xornadas e congresos.

Outra das demandas dos colectivos de mulleres é poder decidir sobre o seu parto e nacemento e co modelo de 'plan de parto e nacemento' elaborado polo SERGAS, as matronas e obstetras do SERGAS dispoñen dun modelo único que segue as recomendacións do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade dentro do marco da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica e da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Mediante este documento, as mulleres e as súas parellas, poden manifestar por escrito os seus desexos, necesidades, preferencias e expectativas en relación o seu traballo de parto e o nacemento do seu bebé de forma que cando chega o momento do parto, todo o persoal que a atende durante o mesmo e o posparto ten en conta todo isto para favorecer unha vivencia positiva e satisfactoria do nacemento do seu fillo ou filla.



Outro dos temas que se traballan de maneira transversal en todos os procesos asistenciais de saúde é a perspectiva de xénero para evitar sesgos de xénero tanto na atención prestada como na linguaxe.

Ademais, en relación coa violencia de xénero, o Servizo Galego de Saúde difundirá unha actualización da guía de violencia de xénero que será difundida polos Centros de Atención Primaria co obxectivo de formar na identificación das mulleres que puideran sufrir malos tratos por parte da súa parella.

Elaborouse tamén unha guía de mutilación xenital feminina para dar coñecemento e difusión a unha práctica que dende o Servizo Galego de Saúde se quere eliminar, distribuída tanto aos Centros de Saúde como aos Centros de Orientación Familiar.

Na actualidade todos os proxectos contemplados na área sanitaria no Plan de Atención Integral á Saúde da Muller en Galicia están xa implementados na carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde.

Para este Goberno, a saúde das mulleres de Galicia segue a ser unha das súas prioridades fundamentais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45433
Data envío: 05/02/2019 16:15:04.924

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:15:02

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45432
Data envío: 05/02/2019 16:14:57.674
Data 05/02/2019 16:14

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35736**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os informes da comisión mixta de seguimento referidos á prestación de servizos por parte da empresa concesionaria no novo hospital de Vigo, o papel que está a desenvolver ao respecto a persoa representante da Xunta de Galicia no consello de administración e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral relacionado coas bolsas de roupa sucia”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á interpelación número 31.237 que tivo lugar no pleno do 20 de xuño de 2018.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-06-20?
part=054b3a5d-39f3-4de8-9020-212df7608415&start=14425](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-06-20?part=054b3a5d-39f3-4de8-9020-212df7608415&start=14425)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 45432
Data envío: 05/02/2019 16:14:57.674

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/02/2019 16:14:54

CSV: BOPGDSPG-1gUdWgOL-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 35740**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns da demora e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias e carencias detectadas no funcionamento do Hospital Psiquiátrico de Conxo”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

